

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMIGRANTES EN GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS QUE FAVOREZAN O RETORNO E A INTEGRACIÓN SOCIO LABORAL DAS PERSOAS EMIGRANTES E DOS SEUS FAMILIARES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra parte, a **Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 2019/023805-1ª, representada neste acto pola seu presidenta, Dona María Belén Rosbier Gómez, actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 14 dos estatutos da asociación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administración ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 43 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en relación co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

TERCEIRO.- Segundo establece o Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións a ordenación e planificación dos programas de atención ás persoas retornadas, propostas e execución de liñas de axudas, subvencións e convenios de colaboración relativos á política de retorno en Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolve unha serie de programas incluídos na Estratexia Retorna, entre os que se encontra o programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) coa finalidade de ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro, a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de que amplíen a súa formación e adquiran competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia con maiores garantías de éxito. Así mesmo, desenvolve outras accións que tratan de facilitar o retorno das familias galegas do exterior e en particular da mocidade.

CUARTO.- A Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia, foi constituída no ano 2019 por bolseiras da primeira convocatoria do programa BEME, e entre os seus fins se atopan ofrecer asesoramento a xóvenes emigrantes, organizar actividades culturais e sociais para xóvenes e difundir e promocionar actividades en Galicia.

Para o cumprimento dos seus fins leva a cabo actividades como orientación e asesoramento sobre cuestións burocráticas e outros trámites, organización de eventos culturais e sociais e difusión nas redes sociais de distintas actividades, todas elas encamiñadas a apoiar o proceso de inserción social e laboral na comunidade autónoma dos xóvenes galegos emigrantes.

De xeito específico hai que destacar o papel fundamental que desempeña no acompañamento que prestan aos bolseiros/as do programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior na súa chegada a Galicia, facilitando a súa integración social e universitaria nalguna das tres universidades galegas.

QUINTO.- Despois de dous anos de funcionamento desta Asociación, ambas institucións consideran que é necesaria a colaboración, e coordinación na realización de tarefas de difusión do Programa de BEME, así como no acompañamento e apoio aos bolseiros, nos que as persoas da Asociación aportan a súa experiencia persoal como antigas bolseiras e que constitúen unha peza moi importante no éxito deste Programa.

Por outra banda, tamén se considera necesario aproveitar a experiencia vital e profesional internacional destes antigos bolseiros do Programa BEME, con formación universitaria e forte vinculación con Galicia, para que poidan apoiar noutras tarefas de difusión ou desenvolvemento doutros programas e accións que se executan tanto en Galicia como no exterior dirixidas aos emigrantes galegos e aos que retornen a Galicia.

SEXTO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca nunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer aos emigrantes galegos como aos que retornen á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración e de actuación coordinada entre as entidades asinantes do presente Convenio para o desenvolvemento

de accións de difusión, acompañamento, información e formación dirixidas ás persoas galegas que residan no exterior así como as que retornen á Comunidade autónoma galega.

As ditas accións teñen como finalidade facilitar o retorno a Galicia das persoas emigrantes e dos seus familiares, favorecendo a súa integración social e laboral na sociedade galega.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. A asociación obrígase a:

- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de programas e accións de interese xeral para as persoas emigrantes e retornadas e en particular sobre os desenvolvidos pola Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.

- Derivar as persoas emigrantes retornadas e aos seus familiares ás Oficinas Integrals de Asesoramento e Seguimento ao Retorno da SXE.

- Desenvolver actividades informativas e formativas que favorezan a inserción social e laboral das persoas emigrantes retornadas na comunidade autónoma galega e especial dos bolseiros /as do Programa BEME, a través de xornadas, webinarios...

- Realizar actividades que faciliten a acollida e acompañamento na inserción social en Galicia das persoas emigrantes retornadas (tempo libre, culturais, excursións..)

- Utilizar os seus canles de comunicación e en especial as súas redes sociais na difusión e comunicación sobre programas e actividades relacionados coa emigración e o retorno.

- Desenvolver unha páxina web con información específica sobre o programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) e outros temas de interese para as persoas emigrantes e retornadas.

- Poñer en marcha un programa de apadriñamento para poñer en contacto a antigos bolseiros/as con novos bolseiros/as do programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) favorecendo a integración académica e social nas universidades galegas.

- Realizar en coordinación coa Secretaría Xeral da Emigración o seguimento da inserción laboral e social en Galicia dos participantes no programa BEME.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

- Realizar outras actividades que poidan considerarse necesarias para o desenvolvemento do obxecto deste Convenio.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achega do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

- Facilitar a información dos Programas e servizos que desenvolve a SXE ou a Xunta de Galicia que a Asociación poida necesitar para o mellor desenvolvemento das súas actuacións.

- Poñer a disposición da asociación un correo electrónico para prestar a información necesaria aos bolseiros/as do programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) da SXE.

- Proporcionar os datos de contacto e a información persoal necesaria das persoas beneficiarias do programa BEME da secretaría xeral para remitirle información sobre as actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de **vinte e cinco mil euros (25.000 €)**. Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A entidade destinará a achega feita pola Secretaría Xeral da Emigración, a sufragar os gastos derivados do desenvolvemento das actividades descritas no apartado primeiro da cláusula anterior.

Os gastos subvencionados a través deste convenio serán os gastos de persoal, os honorarios doutros profesionais ou expertos que participasen nas actividades da asociación, gastos correntes como aluguer de locais ou equipos, teléfono, conexión a internet, publicidade, mensaxería material funxible, dietas, gastos de viaxe e desprazamento, asesoría e outros gastos correntes relacionados directamente co obxecto do convenio.

Así mesmo, serán subvencionables os custes salariais soportados pola entidade beneficiaria, incluíndo cotizacións de Seguridade Social e retencións correspondentes ao I.R.P.F. Exceptúanse as retencións do I.R.P.F correspondentes aos meses de outubro e novembro de 2021, que non serán subvencionables. En relación coas axudas de custo e gastos de viaxe, o importe máximo será o establecido para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, por unha contía **de quince mil cen euros (15.100,00 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Poderanse efectuar tamén pagamentos a conta do importe concedido á medida que se xustifique a realización das

accións previstas no presente convenio. O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados non superarán o 80% da subvención concedida e o importe restante librarase no momento en que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que lle concedeu a axuda.

Os pagamentos efectuaranse mediante conta xustificativa con entrega de xustificante dos gastos realizados consonte o establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009.

A devandita xustificación comprenderá:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante da Asociación de Jóvenes emigrantes en Galicia na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.

- Relación de facturas e documentos xustificativos dos gastos realizados na que conste a data de emisión, concepto e importe.

- Documentos xustificativos dos gastos tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.

Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Memoria final do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención que se recollan as accións realizadas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos e demais aspectos que se consideren relevantes.

- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

- Declaración do conxunto das axudas concedidas para a actividade obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou de calquera outro organismo, ente ou sociedade, tanto públicos como privados.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

Igualmente, en virtude do disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter previo a sinatura do presente convenio, a asociación deberá presentar declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

De acordo co artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2021 e ata o 30 de novembro de 2021.

O prazo de xustificación do presente convenio remata o 15 de decembro de 2021.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

De conformidade co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará do pagamento a parte non xustificada.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

A Secretaría Xeral da Emigración reservase o dereito de solicitar toda a información que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos.

QUINTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

SÉTIMA.- REINTEGRO

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Proponer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

NOVENA.- RELACIÓN LABORAL

Para o desenvolvemento do programa a asociación disporá do persoal necesario para garantir o seu cumprimento e para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Datos dos representantes.

De conformidade co Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao

tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, RGPD en diante, ambas as Partes quedan informadas de forma inequívoca e precisa de que os datos de carácter persoal que se facilitan no presente convenio, así como calquera outros que sexan facilitados ao longo da relación que no mesmo establécese, serán tratados con total confidencialidade e serán destinados á xestión e cumprimento adecuado das relacións que, no marco do presente convenio, sexan establecidas.

Conformará a base legal do tratamento a xestión e execución do propio convenio, no que ambos os interesados son Partes, non estando previstas as cesións de datos a terceiros, salvo que algún dos intervenientes decida elevalo a público.

Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación e, en ocasións, limitación ao tratamento, ou calquera outros que nesta materia recoñézalles a lexislación aplicable, nos termos legalmente establecidos, dirixíndose por escrito á outra parte, salvo que algunha das partes fixe explicitamente outra canle ou procedemento para o efecto.

2. Tratamento por conta de terceiros

2.1. Dado que para o cumprimento das obrigacións derivadas do presente Convenio, a Asociación Jóvenes Emigrantes en Galicia accederá a datos de carácter persoal cuxa titularidade corresponde á Secretaría Xeral da Emigración, o acceso realizarase en calidade de Encargado do Tratamento dos devanditos datos persoais segundo o disposto no artigo 28 do RGPD.

2.2. En tal virtude, a Asociación Jóvenes Emigrantes en Galicia comprométese a cumprir coas obrigacións establecidas no presente Convenio e na normativa vixente, e en calquera normas aplicables ou que no futuro poidan promulgarse, en relación co encargo de tratamento a que se refire a presente cláusula.

2.3. A Secretaría Xeral da Emigración habilita a Asociación Jóvenes Emigrantes en Galicia referido en diante, para os efectos desta cláusula, como Encargado do Tratamento, para tratar por conta da Secretaría Xeral da Emigración, en calidade de Responsable do Tratamento, os datos de carácter persoal necesarios para levar a cabo as accións derivadas deste Convenio.

2.4. O Encargado do Tratamento e todo o seu persoal obrígase a:

1. Utilizar os datos persoais aos que teña acceso só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
2. Tratar os datos de acordo coas instrucións do Responsable do Tratamento.
3. Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do Responsable nos termos legalmente establecidos.
4. Se o Encargado do Tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o Regulamento Europeo de Protección de Datos ou calquera outra disposición en materia de protección de datos, o Encargado do Tratamento informará inmediatamente ao Responsable.
5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.
6. Manter o deber de segredo respecto a os datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o convenio.
7. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarles convenientemente.
8. Manter a disposición do Responsable do Tratamento a documentación acreditativa do cumprimento da obrigaón establecida no apartado anterior.
9. O Encargado do Tratamento notificará ao Responsable do Tratamento, sen dilación indebida e a través da dirección de correo electrónico que lle indique o Responsable do Tratamento, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

10. Poñer a disposición do Responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.
11. O Encargado do Tratamento non conservará datos de carácter persoal relativos aos tratamentos do Responsable salvo que sexa estritamente necesario para a prestación do servizo, e só durante o tempo estritamente necesario para a súa prestación.
- 2.1. Cumprir coas demais esixencias que establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, e demais normativa vixente en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse de forma motivada pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula oitava. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021 agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE
JÓVENES EMIGRANTES EN GALICIA

Antonio Rodríguez Miranda

María Belén Rosbier Gómez